



Hoxe en Radio Obradoiro fala o comité de empresa de Navantia

102.1 FM Este mércores *Caixón de sastre* achegarase a Ferrol para conversar con Ignacio Naveiras, presidente do comité de empresa de Navantia, de decisión sobre os floteis que a mexicana Pemex facía pública a pasada medianoite. O programa de **Radio Obradoiro** (102.1 FM e tamén na páxina web www.radioobradoiro.com), que se emite entre as 09.00 e as 12.00 horas, terá ademais entre os seus convidados ao portavoz

do BNG en Santiago, Rubén Cela, co que analizaremos os presupostos da cidade para 2014, aprobados inicialmente nun pleno extraordinario celebrado o pasado luns. Por outra banda, afondaremos no estado do Museo Juanjo Liñares, de Ordes, e coñeceremos a nova novela do autor galego Agustín Fernández Mallo. Titulada *Limbo*, é unha investigación sentimental sobre a soledade e a parella. **REDACCIÓN**